



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES DE INVESTIMENTO DE TIPO PECHADO, S.A.U. (XESGALICIA), E A FUNDACIÓN CEL INICIATIVAS POR LUGO, PARA A CONTINUIDADE DA AERONAUTICS BUSINESS FACTORY- BFAERO.

O Director da Área de Innovación Empresarial do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), **DECLARA:**

Que este Ente ten previsto formalizar con XESGALICIA e a FUNDACIÓN CEL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A continuidade ao Foco de Emprendemento no Sector Aeroespacial de Galicia (Business Factory Aero- BFAero) que implemente programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados no sector aeroespacial e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que capten e reteñan talento, e que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Que este Convenio, da continuidade, ao asinado o 12 de abril de 2022 a continuidade da Business Factory Aero, cun período de vixencia até o 30 de decembro 2024.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia é un obxectivo das políticas de innovación e industria da Xunta de Galicia e que por iso lanzou a iniciativa estratéxica coñecida como a Civil UAVs Initiative (CUI), dirixida a lograr a mellora da eficiencia e a eficacia nun amplo número de servizos e actividades que realiza o sector público galego mediante o emprego de aeronaves e vehículos mariños non tripulados. A Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido. Este instrumento senta as bases de colaboración entre as partes para dar continuidade a BFAero é a Actuación 25 do Plan Estratéxico da Civil UAVs Initiative 2021-2025, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 20 de maio de 2021. Trátase da aceleradora do sector aeronáutico da Civil UAVs Initiative e, por tanto, da Xunta de Galicia.

Este programa alíñase tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e a innovación de Galicia, como coas prioridades contidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia "RIS3"

Co propósito de que BFAero sexa un programa referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector aeronáutico e aeroespacial, contéplase a integración dos axentes necesarios para consolidar un



ecosistema de innovación vertical no sector aeronáutico e aeroespacial en Galicia, que porá en común os seguintes recursos:

- a) Recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Infraestruturas físicas axeitadas para as accións a desenvolver.
- d) Recursos de coñecemento: formación, coaching e Mentorización.
- e) Servizos de asesoramento e apoio en materia de negocio, administración de empresas e financiamento, entre outros.
- f) Contacto con compañías líderes que faciliten acceso aos mercados, validación dá proposta de valor e ou modelo de negocio e networking, entre outros.
- g) Plataforma "alumni" para que os participantes na BFAero poidan manterse en contacto, potenciando así unha rede de colaboración para facilitar o xurdimento de sinerxias entre as ditas empresas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido e que estes intereses exclúen o ánimo de lucro, e que non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Isaac M. Rosón Sánchez-Brunete

Director de Área de Innovación Empresarial.